



O comercio ao que represento, \_\_\_\_\_, asina no Concello de Pontevedra o documento de compromisos coa lingua galega que forma parte da campaña “Proba en galego”. Este requisito formal dá acceso á participación na 1ª fase da campaña de publicidade. Para acceder ás seguintes fases a empresa manterá ao longo do ano 2013 os compromisos que se especifican a continuación.

**Comprométome a que:**

1ª fase:

1. O galego será a lingua empregada nos **avisos, por megafonía ou escritos, e carteis** temporais que precise o negocio a partir da data de sinatura deste documento.
2. No comercio comezaremos a **atención á clientela** en galego, para poñer en práctica a oferta positiva á que fai referencia o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
3. Participaremos na campaña de **publicidade**, cun paquete de insercións publicitarias co texto íntegra e exclusivamente en galego. Os espazos publicitarios levarán a sinatura final “Proba en Galego”.

2ª fase :

4. Manteremos os compromisos da primeira fase.
5. Realizaremos en lingua galega, como mínimo durante o ano que dura a campaña, o resto da **publicidade do comercio**.
6. Solicitarémoslle á xestoría que asesora o comercio ao que represento o uso da lingua galega na nosa **relación comercial**.

3ª fase:

7. Utilizaremos a lingua galega nas **relacións profesionais** do comercio coas empresas provedoras e auxiliares.
8. Demandaremos de todas as administracións públicas documentos e atención en lingua galega, para todos os **trámites administrativos** que teñan que ver co comercio ao que represento.

Durante todas as fases da campaña:

9. O persoal que traballa no comercio levará un **cartón de cortesía** coa imaxe da campaña “Proba en galego”, que servirá de presentación e de convite a utilizar o galego.
10. Participaremos no **blog “Proba en galego”**, específico para esta campaña; escribindo un pequeno texto relacionado coa campaña ou co uso do galego no comercio polo menos unha vez ao mes.
11. Presentaremos a documentación que se especifica para avaliar o seguimento da campaña e o cumprimento dos compromisos: unha pequena compilación, en papel ou en formato electrónico, de fotografías e/ou mostras dos documentos empregados para cumprir os compromisos.
12. De non poder demostrar o cumprimento destes compromisos, a empresa asumirá o pagamento da metade do importe das cuñas de publicidade que a empresa aproveitou.

Pontevedra, 26 de marzo de 2013

Asinado:

Miguel Anxo Fernández Lores

DNI:

Alcalde de Pontevedra